

cia de Guadalajara, o día 16 de xullo de 2005, entenderase referida aos meses de abril, maio e xuño de 2005.

3. As solicitudes de devolución das cotas xa ingresadas e que sexan obxecto de moratoria, incluídas, se é o caso, unicamente as recargas e custas que se satisfixesen, poderanse presentar xunto coa solicitude de concesión da moratoria e, en todo caso, dentro do prazo establecido no punto 1.b) do artigo anterior, debéndolle xuntar, para tal efecto, os documentos acreditativos do seu pagamento. No suposto de que no prazo sinalado non se solicitase a devolución das cotas obxecto de moratoria, presumirase que se renuncia ao período desta a que se refiran as ditas cotas.

Se o que tivese dereito á devolución fose debedor da Seguridade Social por cotas correspondentes a outros períodos, o crédito pola devolución será aplicado ao pagamento de débedas pendentes con ela na forma que legalmente proceda, sen prexuízo do dereito daquel a solicitar aprazamento de todas as cotas pendentes que, deste modo, non sexan compensadas, nos termos do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

Artigo 3. Ampliación do ámbito funcional das medidas aos subsectores económicos vinculados ás explotacións directamente afectadas polos incendios.

De conformidade co establecido no artigo 10 do Real decreto 949/2005, do 29 de xullo, polo que se aproban medidas en relación coas adoptadas no Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, o disposto nos artigos precedentes seralles de aplicación aos subsectores económicos vinculados coas explotacións directamente afectadas polos incendios que, como consecuencia dos danos producidos nestas, puidesen ver reducida ou paralizada a súa actividade e cuxa vinculación coas ditas explotacións sexa establecida de conformidade cos criterios fixados ao respecto polo Ministerio de Economía e Facenda, logo de informe do Ministerio de Tránsito e Asuntos Sociais.

Artigo 4. Aplicación das medidas a outros incendios.

A exención e a moratoria a que se refiren os artigos anteriores así como as demais medidas establecidas no artigo 5 do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, serán así mesmo aplicables a outros incendios de características similares acaecidos ou que poidan acaecer desde o 1 de abril ata o 1 de novembro de 2005 nos termos declarados polo Goberno no Real decreto 949/2005, do 29 de xullo, ou nos que así o declare no sucesivo mediante real decreto en que se delimiten os municipios e os núcleos de poboación afectados polos incendios forestais no dito período.

Disposición adicional.

Nas referencias feitas aos traballadores nesta orde entenderanse incluídos tamén os socios traballadores das cooperativas encadrados en calquera dos réximes do sistema de Seguridade Social.

Disposición derradeira.

Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 14 de setembro de 2005.

CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

Sr. Secretario de Estado da Seguridade Social.

XEFATURA DO ESTADO

15422 REAL DECRETO LEI 12/2005, do 16 de setembro, polo que se aproban determinadas medidas urxentes en materia de financiamento sanitario. («BOE» 223, do 17-9-2005.)

I

O dereito a unha asistencia sanitaria de calidade constitúe un dos piares do Estado de benestar con que o Goberno se encontra firmemente comprometido.

Respecto a esta asistencia véñense apreciando insuficiencias no seu financiamento que conducen á necesidade de adoptar medidas urxentes neste momento se non se quere que o servizo prestado aos cidadáns se poida resentir de forma apreciable no futuro inmediato.

Ainda que non cabe ningunha dúbida de que as prestacións sanitarias son competencia das comunidades autónomas –cuxos medios se encontran, ademais, salvo supostos moi concretos, totalmente transferidos–, o Goberno, precisamente por ese compromiso a que antes se facía referencia, decidiu incluír na súa política económica medidas para reforzar o financiamento sanitario.

Así, o presidente do Goberno presentou ante a II Conferencia de Presidentes das Comunidades Autónomas unha serie de medidas que foron aprobadas. Do mesmo modo, o subseguente Consello de Política Fiscal e Financieira das Comunidades Autónomas, celebrado o 13 de setembro de 2005, aprobou o detalle das devanditas medidas, coa especificación da repartición entre comunidades autónomas ata o grao en que a natureza de cada unha delas o permitía.

A proposta do Goberno configúrase como unha medida de política económica, urxente e engadida ao sistema vixente de financiamento autonómico. Non se pretende agora alterar este sistema (salvo nos retoques técnicos que puidesen ser imprescindibles), pois iso exixiría un proceso temporal longo –para o seu estudo e a aglutinación dos acordos necesarios –que sería incompatible coa actuación rápida que se demanda e se pretende satisfacer.

A implementación destes acordos exige, pola súa diversa natureza, distintos instrumentos xurídicos que se deben levar a efecto da maneira máis urxente posible, dada a necesidade antes exposta.

E como un deses instrumentos, a través deste real decreto lei, dáselles cumprimento a dúas desas medidas –a autorización de anticipos de tesouraría e a subida de determinados impostos especiais– que exixen norma con rango de lei para a súa posta en práctica así como unha actuación especialmente rápida dada a súa natureza.

II

Para os efectos descritos, en primeiro lugar, este real decreto lei autoriza o ministro de Economía e Facenda para que acorde a concesión de anticipos de tesouraría ás comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de autonomía, á conta da liquidación definitiva do sistema de financiamento.

Segundo o vixente sistema de financiamento, as comunidades autónomas de réxime común veñen recibindo, en concepto de entregas á conta da liquidación definitiva, o 98 por cento da recadación líquida por tributos cedidos prevista no orzamento inicial do exercicio a que corresponden. O rendemento dos tributos cedidos é obxecto de liquidación cando se coñecen os datos definitivos de recadación.

Igualmente, en relación co Fondo de suficiencia, as comunidades autónomas de réxime común e as cidades con Estatuto de autonomía reciben como entrega á conta

o 98 por cento do importe previsto para o devandito fondo, e o resto, cando se coñece o dato definitivo do Fondo de suficiencia que lles corresponde.

Preténdese agora outorgar un instrumento xurídico que permita lograr, se é o caso, unha maior aproximación no tempo entre o financiamento das comunidades autónomas e cidades con Estatuto de autonomía e o incremento de recadación que se poida producir respecto aos tributos cedidos.

III

En segundo lugar, entre as solucións acordadas encóntrase o incremento da fiscalidade que grava o consumo de bebidas alcohólicas e elaborados do tabaco. Esta medida resulta especialmente coherente coa finalidade perseguida, xa que incide sobre produtos cuxo consumo pode ser nocivo para a saúde e, polo tanto, xeradores de gasto sanitario. Por iso, tal incremento de fiscalidade produce o dobre efecto de proporcionar fondos que financien o gasto sanitario, ao mesmo tempo que o propio gasto se reduce na medida en que o consumo dos devanditos produtos se desincentiva. No que se refire aos impostos sobre o alcohol e bebidas alcohólicas, os seus tipos impositivos incrementáanse un 10 por cento. En canto ao imposto sobre os elaborados do tabaco, o tipo específico aplicable aos cigarros incrementábase un 5,3 por cento, mentres que o tipo ad valorem se incrementa case nun punto porcentual. Os tipos impositivos ad valorem aplicables ao resto de elaborados do tabaco incrementáanse nunha proporción similar á elevación global que sofre a fiscalidade dos cigarros por aplicación dos novos tipos. En todos os casos se respectan as condicións exixidas pola normativa comunitaria.

Por último, en canto á figura xurídica a través da cal se aproban estas medidas, débese destacar que, por unha parte, se trata de modificacións relativas ao importe dos tipos de gravame que están sometidas ao principio de reserva de lei. Por outra parte, a existencia, no marco dunha tramitación parlamentaria ordinaria, dun período de tempo prolongado entre o coñecemento da medida e a súa entrada en vigor, afectaría negativamente á súa propia efectividade e podería provocar, ademais, distorsións e condutas especulativas no mercado dos produtos afectados. Por iso se considera que o recurso á figura do real decreto lei está plenamente xustificado.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86.1 da Constitución española, por proposta do ministro de Economía e Facenda e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de setembro de 2005,

DISPÓN O :

Artigo primeiro. Autorización ao ministro de Economía e Facenda para acordar a concesión polo Tesouro de anticipos de tesouraría á conta da liquidación definitiva dos tributos cedidos e do Fondo de suficiencia.

Un. Co fin de achegar o financiamento das comunidades autónomas e cidades con Estatuto de autonomía á recadación real dos ingresos por tributos cedidos, autorízase o ministro de Economía e Facenda para que, por solicitude daquelas, e transcorridos polo menos seis meses do exercicio, acorde a concesión polo Tesouro de anticipos de tesouraría á conta da liquidación definitiva dos tributos cedidos e do Fondo de suficiencia.

Os devanditos anticipos poderán alcanzar un importe de ata o catro por cento da base de cálculo utilizada para a fixación inicial das entregas á conta por tributos cedidos e Fondo de suficiencia do exercicio en que se soliciten, segundo o establecido na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades

autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de autonomía.

Os anticipos de tesouraría serán cancelados no momento en que se practique a liquidación definitiva do sistema de financiamento correspondente ao exercicio respecto do cal se concedesen.

Dous. Malia o disposto no punto anterior, o importe máximo que poderán alcanzar os anticipos de tesouraría durante o exercicio 2005 será do dous por cento da base de cálculo utilizada para a fixación inicial das entregas á conta por tributos cedidos e Fondo de suficiencia do exercicio.

Artigo segundo. Modificación dos tipos impositivos dos impostos sobre o alcohol e as bebidas alcohólicas.

Con efectos a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, a Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, modifícase nos seguintes termos:

Un. Os puntos 5 e 6 do artigo 23 quedan redactados como segue:

«5. O imposto sobre produtos intermedios será exixible en Canarias aos seguintes tipos impositivos:

a) Produtos intermedios cun grao alcohólico volumétrico adquirido non superior ao 15 por 100 vol.: 26,09 euros por hectolitro.

b) Os demais produtos intermedios: 43,47 euros por hectolitro.

6. O imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas exixírase en Canarias ao tipo de 649,66 euros por hectolitro de alcohol puro, sen prexuízo do disposto nos artigos 40 e 41 desta lei.»

Dous. O artigo 26 queda redactado como segue:

«Artigo 26. Tipos impositivos.

1. O imposto exixírase, con respecto aos produtos comprendidos dentro do seu ámbito obxectivo, conforme as seguintes epígrafes:

Epígrafe 1.a) Produtos cun grao alcohólico volumétrico adquirido non superior a 1,2 por 100 vol.: 0 euros por hectolitro.

Epígrafe 1.b) Produtos cun grao alcohólico adquirido superior a 1,2 por cento vol. e non superior a 2,8 por 100 vol.: 2,75 euros por hectolitro.

Epígrafe 2. Produtos cun grao alcohólico volumétrico adquirido superior a 2,8 por 100 vol. e cun grao Plato inferior a 11: 7,48 euros por hectolitro.

Epígrafe 3. Produtos cun grao Plato non inferior a 11 e non superior a 15: 9,96 euros por hectolitro.

Epígrafe 4. Produtos cun grao Plato superior a 15 e non superior a 19: 13,56 euros por hectolitro.

Epígrafe 5. Produtos cun grao Plato superior a 19: 0,91 euros por hectolitro e por grao Plato.

2. Para os efectos do establecido no punto anterior, na determinación do grao Plato admitírase unha tolerancia de ata 0,2 graos.»

Tres. O artigo 34 queda redactado como segue:

«Artigo 34. Tipo impositivo.

Sen prexuízo do disposto no artigo 23, o imposto exixírase aos seguintes tipos impositivos:

a) Produtos intermedios cun grao alcohólico volumétrico adquirido non superior ao 15 por 100 vol.: 33,32 euros por hectolitro.

b) Os demais produtos intermedios: 55,53 euros por hectolitro.»

Catro. O artigo 39 queda redactado como segue:

«Artigo 39. Tipo impositivo.

O imposto exixirase ao tipo de 830,25 euros por hectolitro de alcohol puro, sen prexuízo do disposto nos artigos 23, 40 e 41.»

Cinco. O punto 5.º das alíneas a) e b) do punto 2 e o punto 4 do artigo 40 quedan redactados como segue:

«5.º Tipo de gravame. O imposto exixirase ao tipo de 726,54 euros por hectolitro de alcohol puro. Cando o imposto sexa exixible en Canarias, o tipo será de 565,66 euros por hectolitro de alcohol puro. O disposto neste número enténdese sen prexuízo do establecido no artigo 41.»

«4. Introducción de bebidas derivadas fabricadas noutros Estados membros por pequenos destiladores.

O tipo aplicable en relación coas bebidas derivadas fabricadas por produtores independentes situados noutros Estados membros que obteñen una produción anual que non exceda de 10 hectolitros de alcohol puro, será de 726,54 euros por hectolitro de alcohol puro. Cando o imposto sexa exixible en Canarias, o tipo será de 565,66 euros por hectolitro de alcohol puro.»

Seis. O artigo 41 queda redactado como segue:

«Artigo 41. Réxime de colleiteiro.

Cando as bebidas derivadas obtidas en réxime de destilación artesanal se destinen directamente desde fábrica ao consumo dos colleiteiros, na forma e coas condicións que se establezan regulamentariamente, o tipo impositivo aplicable será de 195,98 euros por hectolitro de alcohol puro. Cando o imposto sexa exixible en Canarias, o tipo aplicable será de 151,86 euros por hectolitro de alcohol puro. A aplicación destes tipos limitarase á cantidade de bebida equivalente a 16 litros de alcohol puro por colleiteiro e ano.»

Artigo terceiro. Modificación dos tipos impositivos do imposto sobre os elaborados do tabaco.

O artigo 60 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, quedará redactado como segue:

«Artigo 60. Tipos impositivos.

O imposto exixirase conforme a seguinte tarifa:

Epígrafe 1. Xarutos e xarutiños: 12,71 por 100.

Epígrafe 2. Cigarros: Estarán gravados simultaneamente aos seguintes tipos impositivos:

a) Tipo proporcional: 54,95 por 100.

b) Tipo específico: 4,20 euros por cada 1.000 cigarros.

Epígrafe 3. Picadura para lear: 38,46 por 100.

Epígrafe 4. Os demais elaborados do tabaco: 22,87 por 100.»

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 16 de setembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

15424 *ORDE APU/2872/2005, do 15 de setembro, sobre procedemento de concesión de subvencións para reparar os danos causados por incendios forestais ao abeiro do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo. («BOE» 223, do 17-9-2005, e «BOE» 225, do 20-9-2005.)*

Como consecuencia das graves secas que padece España e as altas temperaturas que se están rexistrando no período estival, o risco de que se produzan incendios e de que estes teñan efectos devastadores é extraordinariamente alto. Por desgraza xa se produciu algunha destas situacións.

Por iso, o Consello de Ministros, na súa reunión do día 22 de xullo de 2005, dispuxo a aprobación do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo (Boletín Oficial del Estado número 175 do día 23 de xullo), polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais, validado polas Cortes Xerais mediante Resolución do 28 de xullo de 2005 (Boletín Oficial del Estado número 184 do día 3 de agosto).

No seu artigo 11, faculta o Ministerio de Administracións Públicas para propoñer o pagamento das subvencións ás entidades locais, destinadas ás obras de reparación ou restitución de infraestruturas municipais, así como da rede viaria das deputacións provinciais e a establecer o procedemento para a súa concesión, seguimento e control, no marco da cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

Por outro lado, o artigo 1 do citado Real decreto lei dispón, no seu punto primeiro, que as medidas establecidas no capítulo primeiro, artigos 1 ao 12, se aplicarán ás persoas e bens afectados polo incendio acaecido entre os días 16 e 20 de xullo de 2005 na provincia de Guadalajara; e que, así mesmo, o Goberno mediante real decreto poderá declarar a aplicación das medidas previstas no devandito capítulo primeiro a outros incendios de características similares que acaecesen ou poden acaecer desde o 1 de abril ata o 1 de novembro de 2005 (punto segundo, artigo 1).

Conforme este segundo punto do artigo 1, aprobouse o Real decreto 949/2005, do 29 de xullo, polo que se aproban medidas en relación coas adoptadas no Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, que veu facilitar a aplicación das medidas urxentes adoptadas nel, destinadas a paliar, no posible, os danos causados polo incendio na provincia de Guadalajara o pasado 16 de xullo, así como a incluír, dentro do seu ámbito de aplicación, os danos ocasionados polos incendios que se orixinaron en Extremadura o pasado 21 de xullo.

En consecuencia, guiados polos conceptos de racionalización e mellora da eficiencia, é preciso establecer o procedemento que se ha seguir para a concesión e tramitación, non só das subvencións mencionadas no Real decreto lei 11/2005 e no Real decreto 949/2005, senón tamén en calquera outro real decreto que, ao abeiro do previsto no artigo 1.2 do real decreto lei anteriormente citado, se poida ditar; así como a información sobre o estado de execución das obras e o control da aplicación das subvencións á súa finalidade.

En cumprimento da disposición derradeira segunda do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, pola cal se facultan os titulares dos distintos departamentos ministeriais, no ámbito das súas respectivas competencias, para que ditén as disposicións necesarias e establezan os prazos para a execución das medidas previstas nel, dispoño: